



RELACIONAL



FÍSICO



EMOCIONAL



MENTAL

No seu artigo 19, a Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948) expón que “todo individuo tiene derecho a la libertad de opinión y de expresión”. Sen embargo, isto pode estar suxeito a certas restricións para que non se vulneren outros dereitos como o do artigo 7, que di que “todos son iguais ante la ley y tienen derecho a igual protección contra toda discriminación que infrinja esta Declaración y contra toda provocación a tal discriminación”.

Actualmente, os movementos neonazis e a favor da supremacía branca están imperando na nosa sociedade, e o discurso público do “nós contra eles” estase a converter nun arma para colleitar beneficios políticos cunha retórica destrutiva que deshumaniza e estigmatiza aos colectivos máis vulnerables.

Os discursos de odio son todas aquelas formas de expresión que atenten contra os dereitos básicos dunha democracia, é dicir, contra a igualdade e a dignidade (Cortina, 2017). Así ben, podemos afirmar que quen pronuncia este tipo de discursos ten unha convicción de superioridade sobre as persoas ás que van dirixidos, sendo emitidos co fin de manifestar desprezo cara determinados colectivos que se atopan estigmatizados e excluídos socialmente.

O presente documento consta dun relato narrado en primeira persoa pola autora do mesmo, que xustifica o plasmado na cartografía corporal realizada previamente, co fin de representar as emocións e sentimentos que lle provocan a nivel persoal os discursos de odio.

Debido a ser muller branca de clase media, podería dicir que non formo parte dos colectivos que sofren discriminación por razóns raciais, étnicas, culturais, económicas, e/ou relixiosas. Non obstante, creime escoitando infinidade de discursos de odio que me fixeron tomar conciencia das desigualdades, prexuízos e estigmas que seguen presentes na sociedade actual, sentindo a necesidade de aportar o meu grao de area para acabar con todos eles, motivo que me levou a escoller Educación Social como futura profesión.

Seguindo a Cosmovisión Maia, a cartografía corporal foi realizada tendo en conta as distintas dimensións nas que poden impactar os discursos de odio: emocional, relacional ou espiritual, mental e física.

En primeiro lugar, en canto ao nivel emocional, o meu corpo vese invadido por sentimentos de tristeza, enfado, asco e medo, plasmados na cartografía a través das personaxes da película de Inside Out (2015). Sinto tristeza ao ver que non avanzamos como sociedade, ademais de pensar en todo o que teñen que sufrir día a día aqueles colectivos en situación de vulnerabilidade e exclusión social; sinto enfado e asco cara as

persoas que se cren co dereito de xulgar e humillar, créndose superiores e estigmatizando a ditos colectivos; e sinto medo, provocado por toda a violencia que se acaba desencadeando como consecuencia dos discursos de odio.

En segundo lugar, a dimensión relacional cobra tamén especial importancia, xa que os discursos de odio, a maior ou menor escala, están presentes no noso día a día. Nalgúns casos podemos falar de persoas ignorantes, “cunha venda nos ollos”, que simplemente normalizan e lle restan importancia a determinados comentarios; mentres que noutros casos, representadas como o “demo”, destacan aquelas persoas que teñen plena conciencia dos seus actos, e cuxo único propósito é o de facer e incitar a facer dano.

Así ben, tratar de conservar relacións pese a escoitar comentarios racistas, homófobos, etc., acaba xerando un desgaste moi difícil de reparar, simbolizado cun “corazón sen carga”, polo que é inevitable acabar cun sentimento de rexeitamento e a rotura do vínculo afectivo, plasmado cun “corazón roto”.

En terceiro lugar, podemos relacionar esa situación de desgaste e rexeitamento da que falamos no nivel relacional coa dimensión física, xa que o feito de escoitar continuamente discursos de odio provoca que me sinta esgotada e cansada, representado co “cerebro paseando”; frustrada ao atoparme con tantas dificultades á hora de tratar de sensibilizar e concienciar á xente, plasmado cun “tirando a toalla”; e afogada ao ver tantas inxustizas, representado cunha “cadea no pescozo”.

Por último, en cuarto lugar, no enfoque mental quero falar da incompreensión, representada con “interrogacións” e “garabatos”. Por moito que me esforzo, non consigo comprender como nunha sociedade tan desenvolvida como na que estamos actualmente seguen pronunciándose este tipo de discursos e demais formas de discriminación cara os colectivos máis vulnerables. Así, a “peza que falta no quebracabezas” representa os valores e a cohesión que necesitamos como sociedade para deixar de lado as diferenzas, comprendendo que a diversidade, lonxe de supoñer un problema, nos enriquece.

“O corpo garda a memoria de todos os golpes recibidos, das humillacións, da impotencia e do sufrimento, modelando a nosa conduta de xeito inconsciente, mentres a memoria esquece para permitirnos seguir adiante” (KAQLA, 2010).

“Hacer frente al discurso de odio no significa limitar la libertad de expresión ni prohibir su ejercicio, sino impedir que este tipo de discurso degeneren en algo más peligroso, como la incitación a la discriminación, la hostilidad y la violencia, que están prohibidas por el derecho internacional” (Estrategia y Plan de Acción contra el Discurso de Odio, ONU, 2019)

Deste xeito, tendo claro que a liberdade de expresión remata unha vez se vulneran os Dereitos Humanos, podemos utilizar o paradoxo da tolerancia de Karl Popper, para facer unha introspección e cuestionarnos se deberiamos tolerar a intolerancia, así como xulgar o efecto das nosas accións individuais e colectivas.

Así, como conclusión, considerando que os discursos de odio son o produto dunha discriminación orixinada pola presenza de estereotipos e prexuizos, confiamos no poder da educación dende idades temperás para erradicalos e conseguir chegar a formar parte dunha sociedade máis xusta e democrática.

Bibliografía

Naciones Unidas (2019). La Estrategia y Plan de Acción de las Naciones Unidas para la Lucha contra el Discurso de Odio, de 18 de junio de 2019.

Cortina, A. (2017). ¿Cómo superar los conflictos entre el discurso de odio y la libertad de expresión en la construcción de una sociedad democrática?. *Anales de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas*, 94, 77-92

Mujeres Mayas KAQLA (2010). *Rub'eyal Qak'aslemal*. Caminos para la plenitud de las mujeres mayas y nuestros pueblos.

Popper, K. (1945). Paradoja de la tolerancia.

Naciones Unidas (1948). Declaración Universal de los Derechos Humanos. Adoptada por la Asamblea General en su Resolución 217 A (iii), de 10 de diciembre de 1948.